

Enquisa de poboación activa (EPA). Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral

Datos correspondentes ao ano 2021

Resumo de resultados 30/09/2022

ÍNDICE

Introdución	1
Nivel de formación e recoñecemento de títulos	2
Obstáculos para ter un traballo adecuado á capacitación profesional	3
Coñecemento e participación en cursos de idiomas	4
Definicións, fontes e máis información	5

Introdución

A **Enquisa de poboación activa (EPA)** é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida aos fogares que o **Instituto Nacional de Estadística (INE)** realiza dende 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o **Instituto Galego de Estatística (IGE)** para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación galega en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento. Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase á operación a mostra adicional recollida polo IGE, utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (poboación ocupada, parada, activa e inactiva) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.


Cada ano realízase un módulo específico no que se trata algún tema relacionado co mercado laboral e que complementa a información da EPA. O módulo de 2021 ten por obxectivo ofrecer información sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación ao mercado laboral. Neste módulo céntrase a análise nas persoas que naceron fóra de España, con independencia da súa nacionalidade (española/estranxeira).

Nivel de formación e recoñecemento de títulos

Das 216.800 persoas de 15 a 74 anos nadas no estranxeiro e que residían en Galicia no ano 2021, unhas 112.100 persoas (o 51,7%) completaron os seus estudos no estranxeiro; o 48,3% restante adquiriu o seu maior nivel de educación en España.

Desas 112.100 persoas, o 36,7% non solicitou o recoñecemento do seu título adquirido no estranxeiro por non consideralo necesario; o 16,8% non o solicitou porque lle resultou demasiado complexo ou custoso facelo e o 20,2% non o solicitou por outros motivos. O 23% das 112.100 persoas de 15 a 74 anos nadas no estranxeiro e que completaron os seus estudos fóra de España, si solicitou o recoñecemento do título: o 64% teno recoñecido total ou parcialmente e o 36% non o ten recoñecido aínda.

Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro segundo solicitasen e teñan recoñecido o título de formación obtido no estranxeiro. Galicia. Ano 2021



Fonte: INE-IGE. EPA. Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral ([descarga da táboa](#)) Nota: inclúense as persoas dun nivel de formación acadado superior a analfabetos e estudos primarios incompletos.

Persoas de entre 15 e 74 anos segundo o país no que rematou o nivel de educación máis alto acadado, por país de nacemento. Galicia. Ano 2021

Unidade: miles de persoas

País de nacemento	Total	España	Estranxeiro
Total	1.968,2	1.838,3	129,9
España	1.751,4	1.733,6	17,8
Estranxeiro	216,8	104,7	112,1
- Europa	82,7	49,7	33,0
- América Latina	119,6	49,7	70,0
- Resto do mundo	14,4	5,3	9,1

Fonte: INE-IGE. EPA. Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral ([descarga da táboa](#))

Nota: inclúense as persoas dun nivel de formación acadado superior a analfabetos e estudos primarios incompletos.

Obstáculos para ter un traballo adecuado á capacitación profesional

O 22,2% das persoas de 16 a 74 anos nadas no estranxeiro, que traballaron algunha vez en Galicia ou buscaron emprego, atoparon algún obstáculo para conseguir un traballo adecuado a súa capacitación profesional.

O principal obstáculo percibido para ter un traballo acorde a súa capacitación profesional foi que non había dispoñibilidade dun traballo adecuado a estas características: o 30,5 % manifestou que este foi o principal inconveniente percibido. Para o 24,4 % dos nados no estranxeiro que atoparon obstáculos na súa inserción no mercado laboral español, o principal obstáculo tivo que ver con non ter recoñecidos títulos obtidos no estranxeiro.

Persoas de entre 16 e 74 anos nadas no estranxeiro, que atoparon obstáculos en España que lles impediu ter un traballo adecuado a súa capacitación profesional, segundo o principal obstáculo atopado. Galicia. Ano 2021

Unidade: miles de persoas

Principal obstáculo atopado	Datos	Porcentaxe
Total	43,9	100,0
Necesita mellorar o coñecemento do castelán ou de calquera das linguas españolas	1,9	4,3
Non ten recoñecidos títulos obtidos no estranxeiro	10,7	24,4
Restricións legais do dereito a traballar por mor da súa nacionalidade ou permiso de residencia	3,2	7,3
Discriminación pola súa orixe estranxeira	2,1	4,8
Non hai traballo dispoñible adecuado ao seu nivel de formación	13,4	30,5
Outros obstáculos	11,1	25,3
Non sabe/non contesta	1,5	3,4

Fonte: INE-IGE. EPA. Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral ([descarga da táboa](#))

Coñecemento e participación en cursos de idiomas

Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro, segundo participasen ou non nalgún curso de castelán por país de nacemento. Galicia. Ano 2021

Unidade: miles de persoas

Participación nalgún curso de castelán	Estranxeiro	Europa	América Latina	Resto do mundo
Total	222,3	84,5	119,6	18,2
Si	23,7	10,4	4,9	8,4
Non, non había cursos de castelán dispoñibles o non eran alcanzables	1,3	0,6	0,7	0,0
Non, as súas habilidades lingüísticas en castelán xa eran suficientes	158,7	46,6	109,3	2,8
Non, por outros motivos	35,5	24,6	3,9	7,0
Non sabe/non contesta	3,1	2,4	0,7	0,0


Fonte: INE-IGE. EPA. Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral ([descarga da táboa](#))

No momento da chegada a España, o 61,3% das persoas de 15 a 74 anos, con residencia en Galicia no ano 2021, nadas no estranxeiro tiña o castelán como a súa lingua materna; o 4,3% gozaba dun nivel avanzado de coñecemento do idioma antes da súa chegada a España. Pola contra, o 19,3% non contaba con ningunha ou case ningunha habilidade lingüística en castelán antes de residir en España. Cabe destacar que o 5,4% das persoas de 15 a 74 anos nadas no estranxeiro chegaron a España a moi curta idade, antes do momento no que se aprende a falar.

En consonancia cos datos anteriores, o 71,4% das persoas de 15 a 74 anos nadas no estranxeiro e residentes en Galicia no 2021 non precisou participar en cursos de castelán porque as súas habilidades lingüísticas neste idioma xa eran suficientes. Só o 10,7% do colectivo en estudo precisou facer cursos para mellorar as súas habilidades en castelán.

Na actualidade, no referido ao coñecemento do idioma galego, o 20,1% das persoas de 15 a 74 anos nadas no estranxeiro manifestou que se trataba da súa lingua materna; o 19,4% afirma gozar dun nivel avanzado de habilidades no galego falado; o 25,5% sitúanse en nivel intermedio e o 24,6%, en nivel principiante.

Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro segundo o seu coñecemento do galego falado na actualidade. Galicia. Ano 2021



Fonte: INE-IGE. EPA. Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral ([descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Persoas entre 15 e 74 anos segundo o país no que rematou con éxito o nivel de educación máis alto acadado, por país de nacemento. Galicia
- Persoas entre 15 e 74 anos segundo solicitasen e teñan recoñecido o título de formación obtido no estranxeiro, por país de nacemento. Galicia
- Persoas entre 16 e 74 anos nadas no estranxeiro segundo encontrasen ou non obstáculos en España para ter un traballo adecuado á súa capacitación profesional, por país de nacemento. Galicia
- Persoas entre 16 e 74 anos nadas no estranxeiro, que atoparon obstáculos en España que lles impediu ter un traballo adecuado a súa capacitación profesional segundo o principal obstáculo atopado. Galicia
- Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro, segundo o seu coñecemento do castelán falado, antes da súa chegada a España, por país de nacemento. Galicia
- Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro, segundo participasen ou non nalgún curso de castelán por país de nacemento. Galicia
- Persoas entre 15 e 74 anos nadas no estranxeiro, segundo o seu coñecemento do galego falado, na actualidade, por país de nacemento. Galicia

Fontes de información

INE-IGE. Enquisa de poboación activa (EPA). Módulo sobre a situación das persoas inmigrantes e os seus fillos e fillas en relación co mundo laboral